

PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE A.E.R. SOBRE VERTIDOS AOS RÍOS

PLENO 13 DECEMBRO 2012. ACTA 21/2012

Pregunta sobre vertidos aos ríos. Hai máis dun mes que informamos por diversos medios de varios vertidos, tanto no Pexegueiro como no Alvedosa. A día de hoxe non temos constancia de ningunha medida por parte do Concello para subsanalos. Lembrámoslles cales eran:

- Vertido procedente da piscina municipal no río Pexegueiro.
- Vertido situado debaixo da ponte do río Pexegueiro (a carón da EDAR).
- Vertido no río Alvedosa debaixo da praza de Ribadavia
- Vertido no río Alvedosa a carón da ponte de Xulián.

Que accións teñen previstas para subsanar estas eivas e en que prazo?

O concelleiro Alvarez Ballesteros dí que xa se lles contestou por escrito en relación ao río Pexegueiro e Maceiras nos que hai tuberías moi antigas, a maioría de pluviais, aínda que poden quedar vivendas que verten nas mesmas. Dí tamén que están a facer moitas actuacións nese sentido e algúns problemas teñen solucións complicadas.

Lee un informe de Aqualia sobre verquido na ponte de Xulián. Sinala que o principal problema son as tuberías antigas. Tamén fixéronse 177 requerimentos recentemente para que a xente se conecte ao saneamento e acabar tamén co fraude. Está disposto a ir solucionando eses problemas pouco a pouco.